MURAS
CONCELLO

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

Silvia Lamelas Soto (1 de 2)
Secretaria - Interventora
Fecha Firma: 23/10/2017
HASH: df65cb596b4bd68b5e22d2eeef2bf2a3

Manuel Requeijo Arnejo (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 23/10/2017
HASH: 6fd8c8daf d1d47e61ce98b0d2892778

**ACTA DÁ SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2017**

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o día once de outubro de dous mil dezasete, reunese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DON CARLOS CARBALLES PENABAD
DON MARIO ROUCO REI
DON JOSE DANILO REQUEIJO CASTRO
DONA ROSARIO CELIA REI LOPEZ

Ausentase por motivos personais comunicados á Alcaldia don José Pajón Penabad.

Dá fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.

Sendo as dez horas e trece minutos pola Presidencia declarase aberta a sesión. De seguido, sometendose a debate e aprobación do seguinte asunto;

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DE MURAS**

**MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto requerimento da Xunta de Galicia, Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o cal, e de acordó coa normativa vixente, en concreto os artigos 37.2 do estatuto dos Trabalaldores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, o Concello de Muras (Lugo) ten que notoficar á Xefatura Terirotial de Emprego os dous días que se fixan como festas locais do Concello, así como a denominación da Festividade que se celebra.

En uso das atribución que me confire a lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Fixar como festivos locais do Concello de Muras para o ano 2018 os seguintes:

- 13 de febrerio de 2018, martes de Entroido
- 2 de xullo de 2018, San Pedro de Muras

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente a cordo a Xefatura Territorial de Emprego, Economía e Industria.

CSV Validación 47R5AK32VWNNSSROHWNFTXWHP6 | Verificación: http://muras.sedelectronica.gal/

MURAS
CONCELLO

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

Non obstante, o Pleno adoptarà o que estime oportuno.

Non hai intervencións

Sometese o punto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar o punto anteriormente sinalado

**2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, CONTA XERAL ANO 2016, CONCELLO DE MURAS**

**MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Vista a Conta Xeral do exercicio 2016, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2016, juntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.
Visto que se finalizaron devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir en data 08.08.2017 os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 10.08.2017 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2016.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia data 23.08.2017 a Conta Xeral –juntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

En uso das atribución que me confire a lexislación vixente, propoño ao Pleno adoptar o seguint,

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2016, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Concello sde Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Cód. Validación: 4ZR59K32WNN55RQHWNFTXWHF6 | Verificación: http://muras.sedelectronica.gal/

MURAS
CONCELLO

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

Non obstante, o Pleno adoptará o que estime oportuno.

Non hai intervencións

Sometese o punto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar o punto anteriormente sinalado

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión as dez horas e quince minutos minutos, dá que se extende a presenta acta que asina comigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe

Cód. Validación: 4ZR59K32WNN55RQHWNFTXWHP6 | Verificación: http://muras.sedelectronica.gal/